Nota de Prensa

NOVIDADE EDITORIAL

9 791388 293047

EDITORA alvarellos

A Begoña Caamaño activista, nun volume sorprendente con 50 textos de non ficción dispersos ou inéditos



Tres especialistas, e amigas, da escritora e xornalista –falecida prematuramente en 2014 e protagonista este ano 2026 do Día das Letras Galegas–, Ana Romaní, María Xesús Nogueira e Carme Vidal, reúnen, baixo o título *Non temos límites. Obra dispersa, 1990-2014* (Alvarellos Editora), textos xornalísticos, conferencias ou guións radiofónicos, nun coidado volume de máis de 300 páxinas.

FICHA TÉCNICA: 324 pp. 13 x 23 cms
ISBN 979-13-88293-04-7. PVP: 22,90€

SANTIAGO DE COMPOSTELA, OUTONO 2026.- O presente volume titulado *Non temos límites. Obra dispersa, 1990-2014* (Alvarellos editora), nunha **edición ao coidado de Ana Romaní, María Xesús Nogueira e Carme Vidal**, descúbrenos **«a outra obra» de Begoña Caamaño**: a da xornalista, a da activista, a dunha autora con mirada crítica e compromiso feminista, social e político.

Non temos límites reúne os seus **textos periodísticos, as conferencias, os guións radiofónicos e outros escritos** que foi creando e difundindo entre 1990 e 2014.

Son **máis de cincuenta textos, dos que boa parte quedaran esquecidos en diversas publicacións; outros son inéditos**, e todos xuntos revélannos á Begoña Caamaño de non ficción.

«A obra xustifícase polo valor intrínseco do material que reúne –sinalan no limiar as responsables desta edición–. Heteroxéneos na súa forma, contido e destino, os escritos **mostran o coñecemento e a maneira de estar no mundo dunha autora que tomou posición nos debates do seu tempo**. O libro é polo tanto susceptíbel dunha dobre lectura: como unha obra de consulta e como unha sorte de biografía intelectual e vital escrita a retallos e agora reunida. **A atraente personalidade da escritora e xornalista, que fascinaba** a quen a coñecía, faise presente con forza nestes textos».

BEGOÑA CAAMAÑO (Vigo, 1964-Santiago de Compostela, 2014) é unha voz literaria fundamental nas nosas Letras. Autora de dúas novelas imprescindibles, *Circe ou o pracer do azul* (2009) e *Morgana en Esmelle* (2012), onde demostra que «os mitos están vivos e temos dereito de facelos nosos», estudou Maxisterio en Vigo e dedicouse por enteiro ao xornalismo: dende 1989, na Radio Galega, primeiro na súa cidade natal e logo xa en Compostela.

Colaborou en numerosas publicacións xornalísticas, feministas e antimilitaristas, e desenvolveu tamén unha destacada labor sindical. «Nos seus textos, nas súas conversas, na súa actividade reivindicativa enfía transgresión e humor, utiliza imaxinativos recursos para desmontar crenzas, lugares comúns e prexuízos», sinalan as súas biógrafas Ana Romaní e María Xesús Nogueira no volume *Volveredes brindar por min*. En 2026 a Real Academia Galega acordou dedicarlle o Día das Letras Galegas.

(A serie de imaxes da capa foi realizada por Sonia Díaz en 2009).

Contacto coas responsables desta edición: Ana Romaní: aromanib@gmail.com.
María Xesús Nogueira: chusnogueira@gmail.com. Carme Vidal: carme.vidal.laxe@gmail.com